


1
edición

7-11
outubro
2025



*Xornadas
do audiovisual
galego e lusófono*

IM ... PULSA

Museo Marco _____ Sede da Deputación de Vigo

ORGANIZA




FINANCIA



APOIA



**Deputación
Pontevedra**



Impulsa Cine – Encontro de Redes Galegas e Lusófonas de Cinema é un proxecto que busca promover a colaboración e o intercambio cultural entre as rexións lusófonas (Portugal, Brasil, Angola, Mozambique, Guinea-Bissau, Cabo Verde, Santo Tomé e Príncipe) e Galicia a través do audiovisual e do emprego das novas tecnoloxías.

O evento desenvolverase durante cinco días de outubro de 2025 no Museo de arte contemporánea MARCO e na Sede da Deputación de Pontevedra en Vigo, consolidándose como un espazo único de encontro, aprendizaxe e creación de oportunidades para profesionais, estudantes e persoas entusiastas do cinema.

O proxecto responde á necesidade de fortalecer os vínculos cinematográficos naturais entre España e o mundo lusófono, promovendo a cooperación, a profesionalización e a internacionalización do sector cultural. Preséntase como unha plataforma innovadora que combina exhibición, formación, debate e *networking*, sen perder o enfoque na sustentabilidade, na igualdade de xénero e na difusión dixital.

A través de mesas de debate, masterclass y un obradoiro, **Impulsa Cine** fomenta a creación e difusión de contidos culturais innovadores, garantindo o pleno respecto aos dereitos de propiedade intelectual mediante contratos específicos e formación legal. Deste xeito, posiciona Galicia como un nodo cultural estratéxico no panorama audiovisual internacional.

Profesionais e convidados de diferentes eidos e países do mundo achegaránse a Vigo neste nexo entre as comunidades afíns para sementar o futuro nas relacións audiovisuais lusófonas que deseñarán o audiovisual e as tecnoloxías do futuro.





Masterclass

Proxectos Iberoamericanos

7 OUTUBRO // 17:30h // Museo Marco

A masterclass "Proxectos Iberoamericanos" ten como obxectivo capacitar profesionais do cinema na xestión e desenvolvemento de producións audiovisuais transnacionais, cun enfoque práctico en como levar a cabo proxectos noutros países da rexión iberoamericana. A través de estratexias concretas, a sesión explorará as claves para superar barreiras loxísticas, culturais e financeiras, fomentando a colaboración internacional e o intercambio de coñecementos entre creadoras e creadores lusófonos e galegos.



Ponencia

Tathiani Sacilotto, directora da produtora **PNG Pictures**. Cunha traxectoria destacada na produción de proxectos audiovisuais innovadores, Tathiani achegará a súa experiencia na coordinación de equipos multiculturais e na realización de coproducións entre Portugal, Brasil e outros países. O seu enfoque práctico e a súa visión estratéxica serán fundamentais para guiar ás e aos participantes no deseño de producións viables en contextos internacionais.

Descrición

Durante esta masterclass, as persoas asistentes aprenderán como estruturar proxectos audiovisuais que transcenden fronteiras, desde a planificación inicial ata a distribución. Tathiani Sacilotto compartirá técnicas para identificar socios noutros países, negociar coproducións e aproveitar recursos locais, utilizando exemplos reais do seu traballo en PNG Pictures. A sesión incluírá un espazo interactivo onde as persoas participantes poderán presentar ideas de proxectos e recibir retroalimentación directa, fortalecendo as súas habilidades para operar nos mercados iberoamericanos.





Mesa 1

Fronteiras Creativas: Producción Transnacional no Cinema Lusófono e Galego

8 OUTUBRO // 17:30h // Sede da Deputación Vigo

Obxectivo

Explorar estratexias e experiencias para a produción cinematográfica transnacional, destacando como as colaboracións entre as rexións lusófonas e Galicia poden enriquecer o cinema mediante o intercambio de recursos, talento e perspectivas culturais.

Moderador André de Oliveira

Convidados

Tathiani Sacilotto e António Ferreira
PNG Pictures (Portugal)

Fundada en 1999, **Persona Non Grata Pictures** produciu máis de 30 filmes en coprodución con países como Brasil, Arxentina, Ecuador, Portugal, España, Francia, Alemaña e Mozambique.

O carácter internacional das súas obras permitiu unha ampla circulación en festivais de cinema de todo o mundo, así como a súa exhibición en salas de cinema e canles de televisión. Cada película reflicte a cultura, o pensamento e a imaxinación dos países de orixe, sempre a través da visión singular dos seus creadores.

Priorizan proxectos cun marcado potencial internacional, impulsando coproducións que, nos últimos anos, contaron co apoio de prestixiosas institucións internacionais. Actualmente, Persona Non Grata Pictures está dirixida polos produtores Tathiani Sacilotto e António Ferreira.



Eron Quintiliano
Cine Amadora (Portugal)

Empresario cultural, curador e xestor musical con máis de 25 anos de experiencia no Brasil e en Europa. Fundador da **Indústria Casa de Shows en Ponta Grossa** (anos 2000), participou en máis de 2.000 espectáculos e xiras nacionais e internacionais.

Foi responsable da dirección de produción de “**O Baú do Raul**” (2014) na Fundação Progresso (RJ), con gravación de DVD e retransmisión en directo. Traballou en proxectos da Biblioteca Parque Estadual (RJ/IDG) e na programación e xestión da **Matilha Cultural** (SP). Desde 2016 é fundador e director do **MATE Festival**, con edicións no Brasil, Portugal, España e Grecia, ademais de iniciativas como o **Festival Cine Amadora**, dedicado ao cinema dos países de lingua portuguesa. É presenza habitual en feiras e mercados internacionais (WOMEX, Porto Musical, Micsur, Pulsar, BRMC, FIMS, Feira Música Mundo, entre outros).



CINE
AMADORA
MOSTRA INTERNACIONAL DE CINEMA

Claudio Gimenez
ICTMI – Incuba Cultura (Brasil)

A **Incubadora de Innovación Social en Cultura** é un proxecto do Concello de Maricá, desenvolvido polo **Instituto de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación de Maricá (ICTIM)**. O ICTIM está presidido por Claudio Gimenez, licenciado en Matemáticas pola Universidade de Nova Iguaçu (Unig), cun máster en Xestión e Estratexia Empresarial pola Universidade Federal Rural de Rio de Janeiro (UFRRJ) e doutorando no programa PEP da UFRJ.



 **ICTIM**
INSTITUTO DE CIÊNCIA
TECNOLOGIA E INOVAÇÃO
DE MARICÁ

Cómpre destacar tamén a súa experiencia na xestión pública, como director de Formación Inicial e Continua da Rede Faetec e director de Xestión Institucional da **Comisión Nacional de Enerxía Nuclear (Cnen)**. Gimenez está no ICTIM desde 2020, onde comezou a súa traxectoria como Director de Innovacións e Científico.



Mesa 2

Plataformas de streaming e o seu impacto na difusión e produción cinematográfica

9 OUTUBRO // 11:00h // Museo Marco

Obxectivo

Examinar como as plataformas públicas de streaming revolucionaron a difusión do cinema, transformando os modelos de produción e distribución. A través da análise da súa influencia na visibilidade de novas e novos realizadores, exploraranse as oportunidades e desafíos que estas plataformas ofrecen para democratizar o acceso ao cinema e amplificar voces emerxentes no panorama audiovisual galego e lusófono.

Moderador Juan de Castro

Convidados

Ana Tendler
Maricá Filmes

Produtora e curadora audiovisual cunha traxectoria marcada pola súa participación en proxectos de cinema, televisión e streaming. Actualmente é responsable de **Maricá Filmes**, plataforma pública de streaming creada polo Concello de Maricá (Río de Janeiro), pioneira no Brasil por ofrecer acceso gratuito a obras nacionais e rexionais.

Baixo a súa coordinación, Maricá Filmes consolidouse como un espazo de difusión cultural, fortalecendo a circulación de producións independentes e promovendo o encontro entre realizadores e novos públicos. Ademais da súa experiencia en curadoría e xestión de arquivos audiovisuais, Ana participa na creación de proxectos que valoran a memoria, a diversidade e a innovación no campo do audiovisual brasileiro, establecendo pontes entre creadores e espectadores.



MARICÁ
FILMES

Xoan Escudero **CREA**

Licenciado en Historia da Arte, Xoan Escudero inicia a súa traxectoria no ámbito audiovisual a comezos da década de 2000, traballando como técnico de son en múltiples producións. Esta experiencia permíttelle achegarse aos procesos narrativos e expresivos do cinema, despertando nel o interese pola dirección e a escrita de guións.

Ademais, compaxina o labor creativo co traballo no departamento educativo do **Museo Centro Gaiás**, onde diseña propostas pedagóxicas vinculadas á arte contemporánea, á imaxe e ao pensamento visual. É tamén membro da directiva de **CREA** (Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización).



Amaia Mauleón **Vigo Film Office**

Licenciada en Xornalismo e especializada en temas culturais e sociais. Desde 2022 é responsable da **Vigo Film Office**, oficina do Concello de Vigo encargada da xestión e asesoramento das rodaxes na cidade, así como de apoiar diversas iniciativas do sector audiovisual. Vicepresidenta da **Spain Film Commission**.

Autora de tres libros infantís e colaboradora no xornal *Faro de Vigo*.





Mesa 3

Impulsar a produción: Estratexias para audiencias diversas

10 OUTUBRO // 11:00h // Sede da Deputación Vigo

Obxectivo

Identificar estratexias prácticas para distribuír cinema galego-lusófono globalmente, ampliando o seu alcance a audiencias diversas mediante alianzas, plataformas dixitais e promoción, ao tempo que se preserva a autenticidade cultural.

Moderador Severiano Casalderrey

Convidados

Milo Baños
Baños Films (Galicia)

Empresa dedicada ao ámbito da cinematografía. Emilio Baños Santos iniciou a súa andaina no mundo da distribución no ano 1953, primeiro baixo o seu propio nome e máis adiante coa marca actual.

Ao longo destas décadas centrouse en todo o relacionado coa distribución de contidos para a exhibición cinematográfica, así como noutras actividades relacionadas co desenvolvemento e montaxe dos espazos ideais para a proxección: as salas de cinema.



BF
BAÑOS FILMS



Miguel Dias
Agência da Curta Metragem (Portugal)

Director e programador do **Festival Internacional de Cinema Curtas Vila do Conde**. Dedicase á promoción, vendas e distribución internacional de curtametraxes portuguesas na **Agência – Axencia Portuguesa de Curtametraxes**.

Produtor de varias curtametraxes, comisario de numerosas retrospectivas e eventos cinematográficos. Tamén foi produtor no departamento de cinema de **Oporto 2001 - Capital Europea da Cultura**.



Ángel Sánchez
Proxecta (Galicia)

É cofundador e director executivo de **Play-Doc**, Festival Internacional de Cinema de Tui, un evento de referencia que, desde hai máis de dúas décadas, acolleu cineastas de culto e lendas do cinema internacional, ademais de consolidarse como un espazo clave para a creación cinematográfica galega.

Baixo a súa dirección, o festival impulsou retrospectivas internacionais, actividades de formación, obradoiros, clases maxistras, mentorías e mostras audiovisuais. Desde 2021 codirixe **Ventura**, plataforma galega de desenvolvemento de proxectos, formación e coprodución internacional, e entre 2013 e 2019 foi codirector de **Play-Doc TV**, plataforma de VOD dedicada ao cinema independente.

É presidente e membro fundador de **Proxecta**, Coordinadora Galega de Festivais de Cinema. Ademais, traballou como xornalista, produtor e programador en televisión, publicidade, concertos e festivais, e desenvolve unha faceta musical con varios traballos discográficos publicados.





Masterclass - Obradoiro

Escenarios da IA e as súas aplicacións audiovisuais

11 OUTUBRO // 11:00h // Museo Marco

Esta masterclass introductoria reunirá a persoas interesadas en coñecer o potencial da intelixencia artificial aplicada á creación audiovisual. Ao longo da sesión, presentárase unha visión xeral das principais ferramentas actuais —como Midjourney, Kling ou Nano Banana— e os seus usos na xeración de imaxe e vídeo, así como no desenvolvemento de efectos visuais. Baixo a guía de **Marcos Mosquera**, as persoas asistentes obterán unha comprensión teórica e panorámica destes recursos, coñecendo os fluxos de traballo que abranguen desde a conceptualización ata a postprodución. Trátase dunha sesión orientada a introducir e contextualizar as posibilidades creativas da IA no proceso audiovisual.



Ponencia

Marcos Mosquera, realizador audiovisual galego con máis de 20 anos de experiencia en animación, motion graphics, VFX e postprodución, é recoñecido polo seu traballo en publicidade, videoclips, documentais e video mapping.

Nos últimos anos especializouse en imaxe e vídeo xerativo con intelixencia artificial. A súa colaboración con realizadores en proxectos de publicidade e ficción converteuno nun referente en Galicia nesta disciplina. Actualmente compaxina o seu labor freelance en Mosk Studio (www.mosk.tv) co seu proxecto máis vinculado á IA (www.marcosmosquera.info), ademais de impartir docencia en mestrados sobre vídeo, motion graphics e postprodución, achegando unha perspectiva práctica e académica ao uso das tecnoloxías dixitais no audiovisual.

Descrición

Esta sesión reunirá a participantes que traballarán en equipo para aprender colectivamente utilizando ferramentas de IA como **ChatGPT**, **Runway** para edición e **DALL-E** para efectos visuais. Baixo a guía de Marcos Mosquera, as persoas asistentes aprenderán a integrar estas tecnoloxías en cada etapa do proceso creativo, desde a conceptualización ata a postprodución.

HORARIOS



7 OUTUBRO **Masterclass**

17:30h // Museo Marco
"Proxectos Iberoamericanos"
por Tathiani Sacilotto de PNG Pictures

8 OUTUBRO **Mesa 1**

17:30h // Sede da Deputación Vigo
"Fronteiras Creativas:
Produción Transnacional no Cinema
Lusófono e Galego"

9 OUTUBRO **Mesa 2**

11:00h // Museo Marco
"Plataformas de streaming e o seu impacto
na difusión e produción cinematográfica"

10 OUTUBRO **Mesa 3**

11:00h // Sede da Deputación Vigo
"Impulsar a produción:
Estratexias para audiencias diversas"

11 OUTUBRO **Masterclass - Obradoiro**

11:00h // Museo Marco
"Escenarios de IA e as súas aplicacións
audiovisuais"
por Marcos Mosquera

Actividad subvencionada por el Ministerio de Cultura


ORGANIZA



FINANCIA



APOIA



*Xornadas
do audiovisual
galego e lusófono*



Museo Marco _____ Sede da Deputación de Vigo